

O PSOE suma o apoio da Federación de Veciños para instar a Fomento que non marxine a Lugo na chegada do AVE

Foi nunha xuntanza enmarcada na campaña emprendida polo Partido Socialista para acadar a implicación de diversos sectores na defensa da chegada da Alta Velocidade á provincia de Lugo

O Secretario Provincial denuncia que “140 anos despois da chegada do ferrocarril a Lugo, o goberno do PP está a anular a posibilidade de seguir cara diante e defraudando a todos os lucenses ao non cumprir coas súas promesas e paralizar unha construción transcendental, deixando a provincia ao marxe do mapa da alta velocidade e mantela coas infraestruturas máis aló do século pasado”

O PP están a castigar á provincia e a arrebatat o proxecto da estación Intermodal que José Blanco deixara encamiñado sendo Ministro, adxudicando o proxecto por valor de 630.000 euros. O proceso de redacción tiña un prazo de 27 meses, o que supón que en setembro de 2013 debería estar rematado

LUGO, 22 DE MAIO DE 2014.- O secretario provincial –Juan Carlos González Santín- e o senador por Lugo –Ricardo Varela- o Alcalde de Lugo – José López Orozco-, e o secretario Xeral do PSdeG- José Ramón Gómez Besteiro-, reuníronse coa Federación de Veciños no marco da campaña institucional emprendida para sumar apoios e tratar de evitar que a Ministra Ana Pastor, marxine á provincia na chegada do tren de Alta Velocidade a Galicia.

Esta campaña iniciada polo Partido Socialista, ten como obxectivo a unión de forzas de diferentes sectores da sociedade lucense contra as decisións do Ministerio de Fomento que hai dous anos rescindiu o contrato da estación Intermodal de Lugo e ven de paralizar as obras da variante de Pobra de San Xiao. “Uns feitos que o Executivo de Rajoy tiña agochados, e foi grazas ao traballo do senador lucense Ricardo Varela e a un despiste de ADIF, que soubemos da paralización do proxecto a pesares de que no 2013 dicían que seguía en marcha”, indicou Santín. “Un engano que está a agochar o castigo ao que está a someter o Goberno do PP á provincia de Lugo e aos lucenses”, afirmou.

Marxinados no século pasado

Neste ano cúmprense 140 anos dende a chegada do primeiro tren a Lugo, algo que se fixera desexar moitos anos e que supuxo unha transformación das comunicacións, da sociedade, da economía e do desenvolvemento da cidade e a provincia. “O goberno do PP está a anular a posibilidade de seguir cara diante e a defraudar a todos os lucenses ao non cumprir coas súas promesas e paralizar unha construción transcendental, deixando a Lugo ao marxe do mapa da alta velocidade e mantela coas infraestruturas máis aló do século pasado”, asegurou Santín.

“Engano deliberado”

O Secretario Xeral afirmou que “non podemos permitir que se engane deliberadamente aos lucenses, non se pode prometer o que non se vai a desenvolver, e por iso, nós sumaremos todos os apoios posibles para defender o proxecto”. Neste senso os socialistas lembraron que xa no mes de marzo os Concellos de Lugo e Monforte formaron un eixo na defensa do AVE, e os socialistas acadaron neste mesmo mes o apoio dos empresarios lucenses e “hoxe sumamos a implicación da Federación de Veciños de Lugo contra a marxinación deliberada da nosa provincia”.

Os feitos están a demostrar o totalitarismo do PP, que está a adoptar decisións transcendentais para os lucenses sen informar á cidadanía nin aos organismos afectados, como é o Concello. Todo isto,

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo



www.psoeprovincialdelugo.com
www.facebook.com/psoeprovinciallugo
www.twitter.com/PsoeLugo

contando coa complicidade e protección do Goberno galego que non fai nada para solucionar o veto do Ministerio, xa que no Parlamento de Galicia os populares votaron en contra da Proposición non de Lei presentada polos socialista para que a Xunta garantise o cumprimento do acordo entre o Concello, Xunta e Ministerio que posibilitaría a chegada do AVE a Lugo.

Encamiñado co goberno do PSOE

Os gobernos do PP están a castigar á provincia e a arrebatarse un proxecto que, José Blanco, sendo Ministro no ano 2010, deixou encamiñado. De feito, antes de producirse o relevo no Executivo central, adxudicárase o proxecto por valor de 630.000 euros. O proceso de redacción tiña un prazo de 27 meses, o que supón que en setembro de 2013 debería estar rematado.

Segundo o protocolo establecido naquel entón, o Ministerio financiaría a nova estación e o 50% da reurbanización da contorna, o Concello a adecuación da estación actual cando deixara de funcionar e a Xunta asumiría o importe da nova estación de autobuses, así como, o 50% das actuacións necesarias para a loxística da nova infraestrutura. Pero nada de isto levouse adiante polo veto do Goberno Central, por os socialistas piden que se retome inmediatamente, o acordo subscrito no 2010.